



COÑECE E CAMIÑA



14 de SETEMBRO de 2025

RIO MERA - ALTAR DE ADAI

LUGO

Descrición.

A Pena do Rei (Monte Regis), un monte de 650 metros de altura situado entre os concellos de Lugo e Friol, contén un dos xacementos arqueolóxicos máis sorprendentes de toda Galicia. O máis importante posiblemente atopase na parroquia de Adai, no lugar de Pedrafita, coñecido como Altar de Adai, quizais o máis sorprendente e a máis misterioso, xa que non coñecemos nada semellante en toda a Península Ibérica.

Trátase dunha gran rocha elíptica que ten un tamaño duns 12 x 6 metros, e está rodeada por 18 buratos escavados na mesma rocha, todos eles conectados por un suco e no medio dúas pías profundas (unha circular e outra cuadrangular) conectadas entre si coma se fose unha decantadora. A súa función é un misterio, hoxe en día, e todo o que se dixo sobre ela son especulacións e hipóteses, xa que en ausencia de estudos exhaustivos é moi difícil coñecer o seu propósito, así como a súa cronoloxía exacta, aínda que data de hai 4000 anos debido a outros restos arqueolóxicos atopados na zona circundante.

Noutro dos outeiros próximos, a 400 metros ao suroeste no Castrillón, atopamos una estraña estrutura circular chamada O Corro dos Mouros, tampouco sabemos moito dela, pero debido ao seu pequeno tamaño (40 metros de diámetro) dificilmente sería un castro, ou polo menos non como os habituais. Nas inmediacións tamén atopamos diversos petróglifos como os de Pedrafita e os do mesmo lugar do Castrillón, formados por covañas, círculos e cruces.

Non moi lonxe hai un pequeno dolmen formado por cinco ortoestratos e cun pequeno corredor de só dous. As Bruxulas do Rei, tamén preto, representan gravados que agochan unha estraña simboloxía xeográfica, frechas e círculos que semellan compás artesanais que parecen sinalar un lugar específico.

Todos estes restos arqueolóxicos atópanse preto do punto máis alto deste pequeno monte, a 531 metros de altura, dende onde se pode contemplar unha ampla vista panorámica de Lugo e gran parte da súa contorna, o que o converte nun lugar estratéxico. A pesar diso, toda a zona permanece insuficientemente estudada e, o que é peor, sen ningún tipo de sinalización ou protección.

Comezamos a nosa andaina preto do río Mera, percorrendo as súas beiras, en parte cubertas por pasarelas de madeira e dominadas pola vexetación de ribeira, ata chegar a una pequena estrada, que abandonamos rapidamente para entrar no bosque, onde predominan os carballos e as castiñeiras. Chegamos de novo á estrada asfaltada e, tras deixar atrás as casas do lugar de Penarrubia, subimos por un frondoso piñeiral ata A Pena do Rei. Despois descendemos cara a Pedrafita e, tras voltar ao bosque, rematamos a camiñada na depuradora de Lugo, preto do río Miño.

Pararemos a almorzar e a mercar pan en Begonte.

Distancia: 18 Km.

Pendente positiva: 400 m.

Pendente negativa: 415 m.

Dificultade: media



Teléfono: 981 213115

Correo: artabros@artabros.org

